

A PALABRA CORRIXE A EMOCIÓN.

Vítor Vaqueiro é un artista persuadido de que o raciocinio debe presidir o que-facer humano e, xa que logo, todo labor artístico. A vida e a propia obra, camiño de inesgotábel coñecemento, empenadas no combate da ignorancia propia e allea.

Un común amigo prematuramente finado, o artista plástico Paco Mantecón, dicía: amo a liña que corrixe a emoción. Velaí o papel do raciocinio e da vontade na obra literaria do Vaqueiro: encamiñar esteticamente a emoción e concretala nun proxecto preciso. Escribir como construción dun trelo co que termar da besta, urdir unha velaíña rédea de tisú. A emoción literaria como luz deitada na sombra, a iluminación do coñecemento.

Pero o que brilla na escrita de Vítor Vaqueiro, por riba da vontade reflexiva, é a lingua, pois a vontade e o raciocinio son aplicados con minuciosidade de ourive á composición. Cada palabra, isto faise máis evidente na súa poesía, é tratada como peza preciosa con valor de seu; cada termo é escollido logo de ser sopesado na balanza do talento. Non hai nada de improvisado na súa obra e o resultado sempre é un texto de estraña fermosura no que cada quen

pode descubrir novas posibilidades do idioma. A lectura da obras de Vaqueiro permite a descuberta doutro galego, grazas a el enxergamos a abastanza do noso idioma mentres podemos gozar da fartura de verbos recuperados. Vítor está persuadido de que o uso literario de calquera lingua, por canto máis dunha ameazada, debe alentar a revelación da súa fecundidade sen ficar en reflexo da fala cotián.

A consciencia e a formación literaria fan do vigués un escritor que procura sempre a transmisión do pensamento enxergado, por aparentemente difícil que poida parecer. Acaso o seu amor pola literatura xermánica, na que sempre é máis decisivo pensar ben e axudar a pensar que a escrita grácil, estea no fondo da densa fermosura implacábel dos seus libros, unha fermosura literaria e, permítaseme o termo, ideolóxica. Desde *O sonho dirixido* ou *Os xenerais de África* até *Os nomes da morte* e *Os espellos do tempo*, por cinguirnos á súa obra narrativa, a súa insólita coherencia temática e formal é desconcertadora.

Vítor Vaqueiro é un facedor do idioma que reclama una lectura activa. Un artista que premia primeiro de todo o esforzo lector. // **Xabier Paz**